

Aplicación para dispositivos móviles. ATRIGA

Índice

01. Introducción
02. Vantaxes dunha APP
03. Alcance da APP
04. Requisitos
05. Deseño visual
06. Arranque da aplicación
07. Descrición da aplicación
08. Lista de servizos
09. Ficha de servizo
10. Acceso aos servizos
11. Autenticación DNle
12. Servizo
13. Personalización

Introdución

Esta presentación recolle o alcance funcional e a descrición da aplicación para dispositivos móbiles dos servizos que ofrece a Axencia Tributaria de Galicia.

Vantaxes dunha APP

Máis presenza e comunicación continua



Maíor presenza multicanal, maíor visibilidade no só por estar presente nas tendas online de APPs, tamén como resultado de búsquedas xerais de Google.



Acceso cómodo e instantáneo para o usuario dende o escritorio do seu dispositivo.



Posibilidade de ter comunicación directa cos usuarios con notificacións instantánea.



A APP pódese utilizar sen necesidade de Wi-Fi ou 3G/4G, evidentemente cun contido mínimo.

Mellora a experiencia do usuario



Unha APP pode utilizar toda a pantalla do dispositivo e proporcionar unha mellor interfaz o usuario.



Aproveitar as posibilidades dun lector QR a utilizar, por exemplo. Para pagar un imposto.



Dispoñer dun OCR para a lectura dos díxitos da tarxeta de crédito durante o proceso de pago.



Utilizar o xeolocalizador para contextualizar os servizos demandados, por exemplo ó amosar a listaxe de oficinas priorizando as máis cercanas.




Facilidade para descargar documentos e compartir a través das funcionalidades estándar dun dispositivo móbil

Alcance da APP

Identidade da APP

O acceso á aplicación móbil representarase co seguinte logo



Pantalla Inicio

A aplicación móbil dispón dunha pantalla principal personalizada que dará acceso a diferentes funcionalidades da aplicación móbil.

Login

O acceso á aplicación móbil é posible a través de varias opcións:

- Chave365 para iOS e Android.
- DNI por NFC e certificado electrónico para Android

Aviso Legal

Toda a información que sexa considerada de importancia como aviso legal, privacidade, cookies...

Configuración

- Posibilidade de seleccionar idioma (Galego/Castelán)
- Deshabilitar pantalla de benvida
- Modo escuro
- Acceso a favoritos
- Posibilidade nun futuro, non na versión inicial, de configuración das notificacións e avisos

Servizos dispoñibles

- Pago de taxas e prezos
- Consulta de entidades colaboradoras
- Certificado de débedas e patrimonio
- Consulta de oficinas de presentación
- Pago de multas e sancións
- Consulta e pago de débedas notificadas en voluntaria
- Xestión de citas
- Verificación de documentos por CSV

Requisitos

01

MULTIPLATAFORMA (iOS / Android)

Dar a posibilidade ao cidadán de dispoñer da nova APP da Axencia Tributaria de Galicia sen depender do sistema operativo de seu dispositivo, cubrindo aquelas versións necesarias para que o maior número de persoas podan desfrutar dela.

04

CONFIGURABLE

Debe dispoñer dun entorno de edición de contidos que se amosan na aplicación para dispositivos móbiles, determinando se poden ser accesibles sen identificación. A estrutura de menú será completamente configurable polo administrador responsable da APP.

02

INTEGRADA

Definir unha lóxica e deseño de pantallas seguindo os criterios de identidade gráfica e directrices de estrutura para a creación de aplicacións móbiles da Xunta de Galicia, e ó mesmo tempo, optimizar a integración coa pila de solucións actuais da Axencia Tributaria de Galicia, co fin de crear un ecosistema de aplicacións unificado e cunha identidade visual conxunta.

05

ACCESIBLE

Debe cumprir coas normas de accesibilidade da Xunta de Galicia co fin de que o máximo número de usuarios podan facer uso da nova APP da maneira máis cómoda posible.

03

ACCESO SEN CONEXIÓN

Definir un modo off-line onde o usuario poderá visualizar, no caso de non dispoñer de conexión, certas seccións precargadas da aplicación.

06

UTILIDADES QUE FOMENTEN O SEU USO

Unha aplicación que permita ler QR, tarxetas de crédito, descarga de documentos, xeolocalización... duna maneira optimizada, usable e sinxela. Unha aplicación escalable que permita a publicación de novos servizos.


Deseño visual




Páxina principal



Selección servizo




Entrada servizo





Servizos

Arranque da aplicación

A primeira vez que o usuario accede á aplicación, deberá aceptar a política de uso e de privacidade da aplicación.



A continuación, poderá visualizar unha introdución á mesma en formato carrusel.



Descrición da aplicación

O usuario comeza escollendo un colectivo de xeito similar a cando accede ao portal da Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia.



Lista de servizos


Unha vez seleccionado un colectivo, o usuario accederá ao listado de servizos dispoñibles. Poderá filtrar os servizos seleccionados, empregando o buscador que se habilita na parte superior deste panel.

Acceso libre

- Pago de taxas e prezos
- Pago de multas e sancións
- Consulta de entidades colaboradoras
- Consulta de oficinas de presentación
- Validación de documentos mediante CSV
- Xestión de citas


Acceso autenticado

- Pago de taxas e prezos
- Certificados de débedas e patrimonio
- Pago de multas e sancións
- Consulta e pago de débedas en voluntaria



Ficha de servizo




Ao seleccionar un servizo, aparece a ficha de detalle do mesmo. O usuario pode ver a lista de accións dispoñibles recollidas na ficha, así como tamén ter acceso a unha descrición, información sobre a tramitación e normativa.





Autenticación DNle

O proceso de autenticación por DNle precisa unha serie de pasos, polo que se proporciona certa información ao usuario antes do comezo do mesmo.



Servizo

Unha vez rexistrado, a presentación do servizo incrustará os formularios do portal da OVT nun visor Web para que a experiencia de usuario neste punto sexa o mais semellante ao acceso web.

The screenshot shows a mobile application interface for the 'Axencia Tributaria de Galicia'. At the top, there is a blue header with the agency's logo and name, and a close button (X). Below the header, the main content area is titled 'Autoliquidación e pago de taxas e prezos' with a version number '1.0.27.0'. A blue button labeled '1 Datos da taxa' is visible. Below this, there is a section for 'Códigos' with a dropdown menu labeled 'Conselleria*'. At the bottom, there is a logo for the 'FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL' with the slogan 'Unha maneira de facer Europa' and the text 'UNIÓN EUROPEA'.

Personalización

O usuario autenticado, dende a sección de personalización terá acceso ás mesmas funcionalidades que un usuario anónimo e poderá a maiores administrar os seus servizos favoritos (meu espazo no portal da OVT).

